



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Aprobación definitiva tácita da Ordenanza reguladora do uso de instalacións de propiedade municipal dependentes da Concellería de Cultura e publicación do texto íntegro da mesma

ANUNCIO

Efectuada a aprobación definitiva tácita, ó non terse presentado reclamacións, á Ordenanza reguladora do uso de instalacións de propiedade municipal dependentes da Concellería de Cultura, a continuación publícase o texto íntegro do mesmo en cumprimento do artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO USO DE INSTALACIÓNS DE PROPIEDADE MUNICIPAL DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE NEGREIRA, INTEGRADAS NA ÁREA RECREATIVA DE COBAS.

OBXECTO

Artigo 1.

É obxecto de esta ordenanza o establecemento de medidas para a regulación do correcta utilización das instalacións de titularidade do Concello de Negreira, xestionadas pola concellería de Cultura e integradas na Área Recreativa de Cobas.

Artigo 2.

Para a utilización das instalacións citadas, se establece a obriga de presentar solicitude no Rexistro municipal, identificando ó solicitante, o local ou instalación que se pretende utilizar, e a data ou datas nas que se pretende a citada utilización.

Artigo 3.

O Concello, á vista da solicitude, poderá, mediante resolución do alcalde ou da persoa na que delegue, conceder a autorización para o uso das instalacións, ou ben denegala ou realizar os cambios que estime procedentes, á vista das necesidades municipais de uso das mesmas ou da posible coincidencia con outras solicitudes presentadas co mesmo obxecto.

Artigo 4.

Para garantir o correcto uso das instalacións municipais, establécese a obriga do depósito dunha garantía, para permitir, no seu caso, a execución da mesma para a restitución das instalacións municipais ó seu estado anterior ó uso no que se producise algunha clase de deterioro.

A citada garantía poderase presentar mediante depósito na tesourería municipal ou mediante aval bancario.

Esta garantía establécese para aquelas instalacións de natureza cultural, e non afecta ás instalacións cuxo uso estea gravado mediante a taxa por utilización dos servizos deportivos municipais.

Artigo 5.

As normas de utilización das instalacións municipais serán as seguintes:

- O Concello de Negreira terá prioridade para o uso de calquera instalación ou inmovible dos regulados por este ordenanza para o seu uso en actividades municipais.
- A persoa ou entidade que solicite o uso de instalacións ou inmovibles municipais deberá deixar a instalación nas mesmas condicións nas que se atopaba no momento de comezar a utilización da mesma. Esta obriga refírese a:
 - Obriga de deixar a instalación no mesmo estado de limpeza e aseo.
 - Obriga de repoñer calquera dano producido na mesma.
 - Obriga de repoñer calquera outro dano ou menoscabo producido nas instalacións e inmovibles ou nos obxectos que existiran nas mesmas no momento de comezar o uso.

- A persoa ou entidade responderá de calquera falla ou perda de obxectos que se poidan atopar na instalación ou inmovible.

- Nos casos de utilización de instalacións ou inmovibles municipais por parte de persoas ou entidades alleas ó Concello para a realización de exposicións ou actos similares, o Concello de Negreira non se fará responsable de sustraccións ou perda de obxectos que non sexan de propiedade municipal.

- Para a determinación do estado inicial antes de comezar o uso, poderase redactar por parte de persoal municipal un inventario dos bens existentes en instalacións e inmovibles dependentes da Concillería de Cultura e Deportes, así como realizar fotografías ou calquera outro medio que deixe constancia do estado inicial das mesmas.

Artigo 6.

Establécese o seguinte cadro de garantías a presentar polos usuarios das instalacións municipais dependentes da Concillería de Cultura e integradas na Área Recreativa de Cobas:

- Con carácter xeral, 50,00 € por día, para a utilización de instalacións ou outro material municipal.
- En casos particulares, e mediante resolución motivada do Alcalde – Presidente ou persoa na que delegue, poderase establecer un importe maior de garantía que se considere máis adecuado ás circunstancias.

A devolución da garantía realizarase previo informe da persoa que se designe para elo, tendo en conta, no seu caso, a natureza do uso e dos posibles danos que se puidesen producir.

Artigo 7.

A execución da garantía, no seu caso, realizarase no importe necesario para a cobertura do custo de reposición das instalacións municipais ó seu estado orixinal.

En ningún caso se considerará que, executada a garantía, a persoa ou entidade causante dos danos poida quedar liberada das responsabilidades polos prexuízos producidos que poidan exceder da contía da mesma.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo a normativa de réxime local, e terá vixencia ata a súa derogación.

Negreira, 8 de novembro de 2012.

Alcalde-Presidente

José Blanco Pazos

2012/14350